

ACTA COMISIÓN GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

Sesión do 11 de febrero de 2015

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen os membros da Comisión de Garantía Interna de Calidade, o mércores 11 de febrero de 2015, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Validación, se procede, do novo Manual de Calidade e dos novos procedementos**
- 4. Debate e toma de decisión sobre o Plan de promoción e captación (procedemento DO02 - 02 P1)**
- 5. Rogos e preguntas**

1. Lectura e aprobación da acta anterior

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a asistencia de: María López Díaz (tratamento médico), Elena de Uña (reunión proxecto de investigación), Montserrat Gómez (razóns de índole familiar) e Arturo Real.
- A decana informa da renovación da equipa decanal e presenta á nova secretaria do centro. Así mesmo expresa que o novo cambio suporá unha continuidade do que se viña facendo ata o de agora.
- A decana expón as reformas que se van levar a cabo na calidade como son o novo manual e os procedementos. Estas modificacións realízanse para facer máis manexables e asequibles os procesos. Comenta que os obxectivos a medio prazo serán a acreditación do título e a avaliación do sistema de

calidade do centro polo que é necesario a concienciación da comunidade educativa da facultade.

- Infórmase da solicitude por parte da Xunta de Galicia dun plan de viabilidade do centro, a presentar a mediados do mes de marzo.
- Por último, dáse conta da convocatoria dunha bolsa de calidade para que o alumnado colabore nos temas de calidade do centro.

3. Validación, se procede, do novo Manual de Calidade e dos novos procedementos

Despois de intercambiar opinións e debater aspectos do manual, este validase por asentimento, así como os novos procedementos.

Entre as novidades a destacar se reflicte o novo nome da comisión, que se pasará a chamar Comisión de Calidade, así como a súa composición que varía. A comisión propón que sexan 2 os representantes do PDI e tamén 2 os representantes da sociedade; os alumnos Xoel Díaz e Marta López propoñen que haxa un representante do alumnado de cada titulación do centro.

Debátese o anexo IV do manual que leva por título *“Política e obxectivos de Calidade do centro”* e expóñense os obxectivos a acadar tanto na oferta formativa, captación de alumnado, mellora continua de resultados, etc.

4. Debate e toma de decisión sobre o Plan de promoción e captación (procedemento DO02 – 02 P1)

A decana informa que se vai contratar unha empresa para facer unha campaña publicitaria co obxectivo da captación do alumnado de novo ingreso. Infórmase tamén da confección dunhas camisetas para a comunidade do centro coa fin de promocioalo. A alumna Marta López indica que se pode facer un vídeo promocional, feito polo alumnado, para ensinar nos institutos. A comisión solicita dos representantes da sociedade que aporten ideas para a promoción do centro e a captación de estudantes.

5. Rogos e preguntas

A alumna Marta López suxire que se informe ó alumnado nunhas xornadas, qué é a calidade e en qué lles vai afectar ó longo da súa carreira.

O alumno Xoel Díaz nos comenta aspectos da web da facultade que habería que mellorar ou corrixir, como por exemplo:

Que aparezan reflectidos os informes de seguimento e os autoinformes

Que a normativa de permanencia apareza tamén no enlace de calidade
 Mellorar a guía de titulación
 Engadir á web un enlace coa páxina da Biblioteca

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.00 horas, e de todo dou fé como secretaria.

A decana

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

MCarmen Arribas Álvarez

COMISIÓN DE CALIDADE

ORDINARIA
11/02/2015

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
 COMENDADOR REY, BEATRIZ
 DÍAZ ALONSO, XOEL
 GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
 LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
 LÓPEZ LÓPEZ, MARTA
 PRESEDOR GARAZO, ANTONIO
 REAL LÓPEZ, ARTURO
 REBOREDA MORILLO, SUSANA
 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, JULIO
 SÁNCHEZ FERRO, PABLO
 UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
SI	
	SI
	SI
SI	
SI	
	SI
SI	
SI	
SI	
	SI